

## **Anuncio: Ordenanzas: Ordenanzas Fiscais: Imposición e Ordenación.**

### **Aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal nº 23**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do luns, 27 de xullo do 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 23, mediante a introducción dunha nova Disposición Transitoria Terceira, do seguinte teor:

<<DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA.

1.- Con carácter excepcional, debido á crise económica e social causada pola pandemia do COVID19, suspéndese a aplicación e vixencia desta Ordenanza Fiscal desde o día 01/01/2020 até o día 31/12/2020.

2.- Se algún contribuínte tivese xa aboado as taxas correspondentes a ocupacións que abrangan ese período, poderán solicitar a devolución dos ingresos que correspondan.

3.- Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo primeiro desta disposición, a Ordenanza volverá a se aplicar, a partires do 01/01/2021.>>

2º.- Ordenar a inserción do anuncio de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios do Concello, no B.O.P., en un dos diarios de maior tirada da provincia, a efectos de información pública por prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas. No caso de non se presentaren alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

O expediente estará a disposición dos intersados durante o período de exposición pública nas dependencias do Concello, e, ao tempo, o texto da ordenación proposta poderase consultar na web corporativa do concello [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)., na sección de Avisos de Carballo ao día.

Carballo, 7 de agosto do 2020.

O ALCALDE,

Evencio Ferrero Rodríguez